



EMENDA Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DEFENSA DA ESPECIALIZACIÓN DUN XULGADO EN SANTIAGO PARA ATENDER OS LITIXIOS DAS “CLÁUSULAS SOLO”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DEFENSA DA ESPECIALIZACIÓN DUN XULGADO EN SANTIAGO PARA ATENDER OS LITIXIOS DAS “CLÁUSULAS SOLO”**, de data 5 de xuño de 2017.

Proponse unha nova redacción do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“1º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado, e escoitando o Consello Xeral do Poder Xudicial, a creación ex novo dun xulgado de reforzo en Santiago, cos medios persoais e materiais necesarios; é dicir, unha sala cun xuíz, un letrado da Administración de Xustiza, funcionarios, unha sede e reparto propios, coa fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas solo.

2º.- Reiterar a solicitude á Xunta de Galicia, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á Administración do Estado para que Santiago se dote con novas salas xudiciais do Social, Contencioso-Administrativo e de Violencia de Xénero.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular



EMENDA DE ADICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Á PROPOSICIÓN DO PP SOBRE A COLABORACIÓN CO CUMPRIMENTO DAS DECISIÓNS XUDICIAIS, O RECOÑECIMENTO DO PAPEL DAS FORZAS DE SEGURIDADE DO ESTADO E A DEFENSA E PROTECCIÓN DA PROPIEDAD PRIVADA

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón a seguinte EMENDA DE ADICIÓN á proposición do Partido Popular relativa á colaboración co cumprimento das decisións xudiciais, o recoñecemento do papel das forzas de seguridade do Estado e a defensa e protección da propiedade privada:

ENGADIR AOS ACORDOS COMO PUNTO 4:

- 4. O Concello valorará a conveniencia de ofertar algún dos colectores culturais de patrimonio municipal a propostas de produción cultural que se entendan interesantes para a cidade.**

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

Francisco Reyes Santías

Voceiro do Grupo Municipal Compostela

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA